



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 02/04/25 13:00:08

Exposición: 02/04/25 13:00:08 a 31/05/25 23:59:59

Anuncio

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

Modificación da convocatoria de aspirantes admitidos/as no PEL 2025

Información:

EXP: 2025/E001/000001

ANUNCIO

PEL – MODIFICACIÓN da orde de celebración das probas NO PROCESO DE SELECCIÓN DE CATRO PEÓNS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NO MARCO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2025 e se modifica HORARIO DA CONVOCATORIA DEASPIRANTES ADMITIDOS/AS PARA A REALIZACIÓN DE EXERCICIOS DA FASE DE OPOSICIÓN.

DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 2 DE ABRIL DE 2025.

ExpTE. TEDEC: 2025/E001/000001

Para xeral coñecemento faise público o Decreto da Alcaldía de data 2 de abril de 2025 mediante o cal se modifica a orde de celebración das probas selectivas no procedemento de selección de catro peóns ao abeiro da subvención concedida pola Deputación Provincial no marco do Programa PEL-CONCELLOS 2025 e se modifica o horario da convocatoria de aspirantes admitidos/as para a realización dos exercicios da fase de oposición, decreto que a continuación se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: MODIFICACIÓN DA ORDE DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS NO PROCESO DE SELECCIÓN DE CATRO PEÓNS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NO MARCO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2025 E SE MODIFICA HORARIO DA CONVOCATORIA DEASPIRANTES ADMITIDOS/AS PARA A REALIZACIÓN DE EXERCICIOS DA FASE DE OPOSICIÓN.



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 02/04/25 13:00:08

Exposición: 02/04/25 13:00:08 a 31/05/25 23:59:59

EXPTE.: 2025/E001/0000001

Mediante decreto desta Alcaldía núm. 255/2025 de data 25/03/2025 acordouse aprobar a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no procedemento de selección de catro peóns ao abeiro da subvención concedida pola Deputación Provincial no marco do PEL-CONCELLOS 2025, convocar ao Tribunal para a súa constitución e para a valoración de méritos (fase de concurso) o próximo día 4 de abril de 2025, ás 8:45 horas e convocar aos aspirantes admitidos para o mesmo día 4 de abril de 2025, ás 10:00 horas, para a realización dos exercicios da fase de oposición, 1º exercicio: exame práctico, previsto na base 7ª da convocatoria.

Considerando que ese mesmo día 4 de abril, se van realizar no Concello de Camariñas, en horario de mañá, de 9:30 h a 14:30 h, as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria para adultos (ESA) para persoas maiores de dezaoito anos.

Considerando que varios dos aspirantes admitidos/as no procedemento de selección de catro peóns ao abeiro da subvención concedida pola Deputación Provincial no marco do PEL-CONCELLOS 2025 tamén están convocados para o día 4 de abril para realizar as probas para a obtención do título da ESA, aos efectos de non prexudicar a estes aspirantes e que poidan asistir a realización destas probas, en uso das competencias que me atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente,

ACORDO:

Primeiro.- Cambiar a orde de celebración das probas selectivas no procedemento de selección de catro



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 02/04/25 13:00:08

Exposición: 02/04/25 13:00:08 a 31/05/25 23:59:59

peóns ao abeiro da subvención concedida pola Deputación Provincial no marco do Programa PEL-CONCELLOS 2025, realizándose en primeiro lugar a fase de Oposición e en segundo lugar a fase de Concurso.

Segundo.- Convocar aos aspirantes admitidos/as para o próximo día 4 de abril de 2025, ás 8:30 horas, na área recreativa do Ariño - Xaviña (merendeiro da praia do Ariño), para a realización dos exercicios da fase de oposición, 1º exercicio: exame práctico, previsto na base 7ª da convocatoria.

Os aspirantes deberán acudir ás probas na hora e data do respectivo chamamento, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impedira acudir, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas que serán libremente apreciados polo tribunal.

Os aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI, pasaporte ou carné de conducir.

A actuación dos aspirantes no exercicio levarase a cabo por orde alfabética, empezando por aqueles que teñan como inicial do primeiro apelido a letra "F" conforme ao sorteo que realizou a Consellería de Facenda para o ano 2025 (DOG número 16, de data 24 de xaneiro de 2025).

Terceiro.- Que o Tribunal cualificador realice a valoración de méritos (fase de concurso) o próximo día 4 de abril de 2025 unha vez rematada a fase de oposición.

Cuarto.- Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello da Sede Electrónica do Concello de Camariñas.

Quinto.- Dar traslado do presente decreto aos membros do Tribunal Cualificador.



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 02/04/25 13:00:08

Exposición: 02/04/25 13:00:08 a 31/05/25 23:59:59

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública”.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldesa D^a Sandra Insua Rial.